

PLAN DE LANZAMIENTO DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DA USC 2017-2019

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN EN INVESTIGACIÓN 2017-18 (MODALIDADE MÁSTER)

INSTITUTO DE MATEMÁTICAS

1. BASES DO PROGRAMA E OBXECTO DA CONVOCATORIA

A USC está a revisar as súas políticas e prácticas de xestión e promoción da carreira investigadora adaptándoas ás prácticas de referencia internacional, como pon de manifesto a recente adhesión á *Carta Europea do Investigador* e ao *Código de Conduta para a Contratación de Investigadores*, ao mesmo tempo que trata de potenciar a visibilización e valorización dos resultados da investigación desenvolvida polos investigadores da institución. Neste obxectivo, debe considerarse a Área de Matemáticas como un dos espazos de investigación cunha produción científica mais relevante e significativa no posicionamento da USC nos rankings internacionais que contribúen a unha mellor e máis competitiva visibilidade da USC.

Ao mesmo tempo, e asumindo a importancia da incorporación e captación de talento investigador dende as primeiras etapas do progreso académico, recollida dentro do Plan de lanzamento da área de matemáticas 2017-2019, asinado entre a USC e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 10 de abril de 2017, e para cuxa posta en marcha se iniciará a tramitación do convenio correspondente, preténdese, entre outros obxectivos, espertar vocacións investigadoras como unha das finalidades dos estudos de máster, e fomentar a atracción e retención do talento investigador.

Así pois, como apoio á acción estratéxica definida para impulsar a carreira científica na Área de Matemáticas, e financiado no marco do Convenio referido, defínese un programa de 11 bolsas de colaboración dirixido ao estudiantado de Matemáticas, no nivel de máster. A contía e accións a levar a cabo figuran no Anexo I desta convocatoria.

2. BASES DA CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto das bolsas é iniciar ao estudiantado de Matemáticas, no nivel de máster, nas tarefas e metodoloxías de investigación en ciencias matemáticas a través da súa colaboración en actividades e proxectos de I+D asociados ás liñas de investigación dos investigadores da USC neste ámbito.

DEDICACIÓN E COMPATIBILIDADE

- i. A duración e dedicación ás actividades da bolsa establecerase respectando o marco das obrigas académicas do candidato e de acordo ao establecido polos titores asignados. Os titores establecerán a data de inicio e fin da bolsa así como o seu horario, conforme ás

necesidades de cada unha das accións de colaboración, que non poderá superar as 20 horas semanais, e tendo en conta sempre a dispoñibilidade do alumnado segundo os seus horarios de clase.

- ii. A concesión da bolsa será incompatible con calquera outra bolsa de natureza pública ou privada, así como contrato laboral, que no seu momento puidera percibir o bolseiro, agás as concedidas pola Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades dentro da convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso académico 2017-2018 e as equivalentes para o caso de máster.
- iii. A concesión e aproveitamento dunha bolsa non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao seu cadro de persoal.

REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- i. Ser estudante matriculado na USC durante o curso 2017-2018 nalgunha das seguintes titulacións: Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas, Máster en Técnicas Estatísticas.
- ii. Ademais deberá ter unha nota de expediente non inferior a 7 puntos sobre 10 contabilizada segundo consta no Anexo III.
- iii. Esta bolsa non é renovable e só se poderá conceder unha soa vez por estudante.
- iv. Os beneficiarios dunha bolsa, no apartado de Máster, na convocatoria de bolsas de colaboración en investigación, de 2 de novembro de 2016, non poderán optar a unha bolsa nesta convocatoria.

SOLICITUDES

Quen desexe participar no proceso de selección deberá facelo constar por escrito, mediante solicitude dirixida ao director do Instituto de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Para seren admitidos ó procedemento de selección, os aspirantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, agás o de estar matriculado no correspondente máster, que deberá cumprilo no momento de asinar a concesión da bolsa.

A presentación da solicitude á bolsa implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación para participar no proceso selectivo:

- a) Instancia, segundo o modelo indicado no Anexo II.

- b) Proxecto de investigación das actividades a realizar durante a bolsa. Este proxecto debe estar asinado polo solicitante e ter a aceptación asinada do titor da actividade. A lonxitude máxima será de dúas páxinas en Din A4 con letra a tamaño 12.
- c) Currículo no que se fagan constar, xunto coa correspondente documentación que os acredite, os méritos ou experiencia. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados. O modelo de Currículo pode descargarse da páxina web do Instituto de Matemáticas <http://www.usc.es/gl/institutos/matematicas>

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a entrega de solicitudes comeza o día 14 de xullo de 2017 e remata o día 27 de xullo de 2017.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes farase no Rexistro do IMAT, situado na Facultade de Matemáticas no terceiro andar. Tamén poderá facerse no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Fingoi-Lugo), así como nas formas e lugares establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

LUGAR DE NOTIFICACIÓNS DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

O taboleiro de anuncios no que se efectuarán as sucesivas comunicacións será o do IMAT situado no segundo andar da Facultade de Matemáticas, así como a páxina web do Instituto de Matemáticas. <http://www.usc.es/gl/institutos/matematicas>

ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O IMAT publicará no taboleiro do IMAT, e na páxina web <http://www.usc.es/gl/institutos/matematicas>, nos cinco días hábiles seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para subsanar os defectos da publicación anterior ou axuntar documentación incompleta, os aspirantes non admitidos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará formada polo director do IMAT, que a presidirá e nomeará secretario, e os coordinadores do Máster en Matemática Industrial, o Máster en Matemáticas

e o Máster en Técnicas Estadísticas.

Os aspirantes poderán formular causas de abstención e recusación contra os membros nomeados no xeito establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

SELECCIÓN

O proceso de selección constará dunha única fase de valoración na que se puntuarán os seguintes méritos

Valoración do proxecto de investigación: 0-5 puntos.

Expediente académico: 0-10 puntos.

Outros méritos: 0-5 puntos.

A valoración do expediente académico e os méritos figura no Anexo III desta convocatoria. A comisión de selección levantará acta na que conste a baremación de méritos realizada previa revisión da documentación, os acordos acadados e o resultado das valoracións.

RESULTADO FINAL

Finalizada a fase de valoración, a comisión de selección elaborará unha proposta de resolución, na que constará a lista de seleccionados, así como a lista de agarda de cada unha das bolsas. Sempre que sexa posible, destinarase un mínimo de dúas bolsas a cada máster ofertado. A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación da bolsa convocada.

Contra esa proposta os interesados poderán presentar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e analizadas, de ser o caso, as reclamacións, faráse a resolución definitiva polo director do IMAT.

Unha vez publicada a resolución de adxudicación, os candidatos seleccionados deberán presentar nun prazo de cinco días hábiles a documentación que se lles solicite para poder facer efectiva a bolsa.

OBRIGAS CANDIDATOS SELECCIONADOS

Realizar as actividades deseñadas para cada unha das accións de colaboración, recollidas no Anexo I.

As actividades de colaboración desenvolveranse durante o período da bolsa e deberán quedar acreditadas mediante informes dos titores e memoria de actividades a cargo dos beneficiarios.

TITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS BOLSEIROS

A titorización deberá ser levada a cabo por profesorado doutor, con adicación a tempo completo á USC, e cuxa vinculación coa USC non remate antes da finalización prevista da bolsa de investigación.

Cada actividade só poderá ter un titor e cada titor poderá titorizar un máximo de dúas actividades.

Ó remate da bolsa, os bolseiros deberán presentar unha memoria dos traballos realizados que deberá ser avaliada polos titores.

ACREDITACIÓN

Finalizado o periodo da bolsa, os interesados teñen dereito a un documento acreditativo expedido polo IMAT conforme realizaron as tarefas designadas na bolsa de colaboración e a súa duración, sempre e cando exista informe favorable.

O IMAT realizará unha avaliación continua do cumprimento dos compromisos de cada bolseiro. O incumprimento das funcións propias da bolsa por parte do beneficiario dará lugar á revogación inmediata desta e á devolución das cantidades obtidas por incumprimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.

Ante a imposibilidade de cumprir coas obrigas da convocatoria o bolseiro poderá desistir da bolsa mediante a súa comunicación ó IMAT, quen resolvera a finalización desta.


Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola do 13 de xaneiro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As expresións referidas aos cargos académicos e a certas responsabilidades, así como as de alumnos, estudantes, contratados, titores e similares, entenderase no seu sentido neutro, sen identificación de sexo, pois abranguen tanto ao xénero feminino como ao masculino.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017.


Alberto Cabada Fernández
Director do Instituto de Matemáticas



ANEXO I

Titulación	Requisitos	Nº de bolsas	Obxecto da bolsa	Contía total por bolsa
Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas, Máster en Técnicas Estatísticas.	Alumnado da USC matriculado no Máster en Matemática Industrial, no Máster en Matemáticas ou no Máster en Técnicas Estatísticas.	11	Colaboración en tarefas de Investigación e formación en Metodoloxías de investigación asociadas a un proxecto de I+D no ámbito Matemáticas de interese para a realización posterior do seu TFM.	3.100 €

ANEXO II

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE INVESTIGACIÓN 2017-2018 (MODALIDADE MÁSTER)

DATOS DO ALUMNO			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	NIF / Núm. Pasaporte
Teléfono:		e-mail:	
CATEGORÍA Á QUE SE PRESENTA			
MÁSTER <input type="checkbox"/> Matemática Industrial <input type="checkbox"/> Matemáticas <input type="checkbox"/> Técnicas Estatísticas <input type="checkbox"/>			
DOCUMENTACION QUE SE ACOMPAÑA			
Memoria <input type="checkbox"/> Expediente Académico <input type="checkbox"/> Curriculum Vitae <input type="checkbox"/>			

O abaixo asinante SOLICITA ser admitido no concurso público indicado e DECLARA, baixo a súa responsabilidade, que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude e no currículo que se acompaña, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos declarados.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura _____

SR DIRECTOR DO IMAT

ANEXO III

A valoración, tanto do expediente académico como de cada actividade, farase en relación coa súa proximidade ás Matemáticas.

Valoración memoria: 0-5 puntos

Teráse en conta a súa novidade e verosimilitude.

Expediente académico: 0-10 puntos

Cálculo do expediente académico:

A nota media coa que se concorre a esta convocatoria, realizarase de acordo coa seguinte formula:

$$(X * C1 + M * C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

X: Nota media obtida no grao ou licenciatura.

M : Nota media obtida no master ou equivalente.

C1: Creditos superados no grao ou licenciatura.

C2: Creditos superados no master ou equivalente.

A nota media do expediente académico para estudos cursados no estranxeiro debe calcularse de acordo co disposto nas Resolucions do 20 de xuño e do 21 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>

A persoa candidata terá que tramitar a declaración de equivalencia da nota media de acordo con este procedemento e achegarlla á universidade na que esta matriculada no programa de doutoramento para o cálculo da nota coa que se concorre a convocatoria, A verificación da declaración de equivalencia correspóndelle á universidade, que deberá revisar que os datos consignados nela coinciden cos do certificado presentado para darlle validez a esta, polo que só será válida se está acompañada do certificado académico oficial orixinal, ou fotocopia compulsada e, no seu caso, da tradución correspondente.

En todos os casos a nota coa que se concorre á convocatoria ten que estar adecuada ao Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e tendo en conta os criterios sinalados no Protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos.

Valoración de outros méritos: 0-5 puntos

Bolsas Colaboración: 0,25

Participación en programas de mobilidade: 0,15 por curso completo e 0,075 por cuatrimestre.

Realización de prácticas en empresas: ata 0,15 por práctica en función da súa duración.

Programa de titores: ata 0,15 por programa

Programas de voluntariado: ata 0,15 por programa

Premio extraordinario de grao: 0,45

Premio extraordinario de máster: 0,45

Coñecemento de idiomas:

B1 (distinto do usado para titular no grao) 0,15

B2 0,25

C1 0,35

C2 0,45

Estadías en centros de investigación: ata 0,15 por mes

Participación en congresos: ata 0,15 por comunicación en congreso nacional, ata 0,3 por comunicación en congreso internacional

Participación en proxectos de investigación como investigador: 0,25 por proxecto/ano.

Participación en proxectos de investigación como membro do grupo de traballo: 0,15 por proxecto/ano.

Bolseiro ou contratado con cargo a proxectos de investigación ou convenio con empresa: 0,25 por proxecto-convenio/ano

Publicacións

Non JCR : Ata 0,1 puntos

Q4: Ata 0,25 puntos

Q3: Ata 0,5 puntos

Q2: Ata 0,75 puntos

Q1: Ata 1 punto

Experiencia Laboral: ata 0,15 por mes

A asistencia presencial a cursos ou seminarios: ata nº de horas x 1/1000

Outros méritos: Ata 1 punto.

Caso de que algún aspirante supere a nota máxima no apartado de outros méritos, asignarase a maior puntuación nese apartado ó aspirante con maior puntuación e normalizarase a nota do resto de aspirantes dacordo coa seguinte fórmula:

$$X=N1 * 5/NC$$

Onde:

NC: Nota máxima obtida por algún candidato nese apartado

N1: Nota obtida polo aspirante antes de normalizar

X: Nota que contabiliza nese apartado